

EXPEDIENTE:	2023/00037144A
PROCEDEMENTO:	Plan xeral de ordenación municipal

O Pleno da Corporación do Concello de Santiago de Compostela, na sesión extraordinaria celebrada o 24 de xuño de 2024, adoptou o seguinte acordo:

Aprobación inicial da Modificación do PXOM núm. 1 no ámbito da OE-6. Xoán XXIII – Universidade.

A proposta é do seguinte teor literal:

ANTECEDENTES

A xefa da Sección de Xestión Urbanística, con data 6 de xuño de 2024 e en relación coa Modificación puntual núm. 1 do PXOM no ámbito da OE-6, emitiu o seguinte informe, ao que presta o seu conforme o secretario xeral do Pleno:

“O proxecto de Modificación puntual núm. 1 do PXOM no ámbito da OE-6 elaborouse pola Sección Municipal de Planeamento a resultas dunha encomenda realizada polo concelleiro delegado de Urbanismo o día 13 de setembro de 2023. Nesta providencia descríbese polo miúdo as razóns de interese xeral que aconsellan reformar o plan vixente.

Con data 28.09.2023 o Pleno Municipal adoptou un acordo de suspensión previa dos actos suxeitos a licenza e comunicación previa no ámbito da OE-6, que se publicou no Diario Oficial de Galicia o 14.11.2023, e cuxos efectos se extinguirán o 14.11.2024.

1. Ámbito da modificación

A modificación proposta afecta ao inmovible, propiedade da Universidade de Santiago de Compostela (USC), que alberga o colexio *López Ferreiro* e as escolas universitarias de Ciencias da Educación e Enfermería.

O inmovible sitúase no número 4 da avenida Xoán XXIII e figura no Catastro coa referencia catastral 748403NH3478C0001TZ.

2. Planeamento vixente

O vixente *Plan xeral de ordenación municipal (PXOM)*, na disposición final 3ª, remite a ordenación detallada da parcela á *Modificación puntual do plan xeral para a creación da ordenanza especial OE-6 (Xoán XXIII-Universidade)*, aprobada definitivamente polo Pleno Municipal o 26.07.2002.

A citada Modificación puntual divide a parcela en dúas pezas:

- A ocupada polo colexio López Ferreiro, que se cualifica como equipamento docente (DOC-10) e viario público (ampliación da beiravía existente).

- A ocupada polas escolas universitarias, que se cualifica para uso hoteleiro, cunha superficie edificable de 11.500 m²c.

3. Xustificación e contido da Modificación proposta

O obxecto principal da MP é incorporar ao Catálogo de bens culturais do PXOM a edificación existente no ámbito, que foi proxectada no ano 1967 polo arquitecto Fernando Moreno Barberá para albergar as *Escolas Graduadas e de Maxisterio*, e que é representativa do chamado *Movemento Moderno* na nosa cidade.

Con esa finalidade propónse incluír o edificio existente no Catálogo coa referencia A-69, e co nivel de protección estrutural. Na ficha de catalogación sinálanse os caracteres determinantes e as normas de protección específica, con indicación das actuacións permitidas, e delimitase o contorno de protección do inmovible catalogado.

Para garantir a protección do edificio estimouse necesario preservar o uso dotacional existente. Así, mantense a cualificación do equipamento docente DOC-10 (colexio *López Ferreiro*), e cualifícase o resto da parcela como dotación pública do sistema xeral de equipamento comunitario (RE-OE.6).

Na reserva de equipamento RE-OE.6 admítense os seguintes usos dotacionais, todos eles permitidos polo artigo 136 do PXOM no sistema de equipamentos públicos: docente-investigación, deportivo, sanitario e asistencial, socicultural, público-administrativo, así como “calquera outro uso dotacional” que reúna as condicións da alínea h) do citado artigo 136.

Na memoria do Catálogo efectúase unha análise polo miúdo do edificio e do seu autor, e descríbese o especial interese cultural que motiva a súa catalogación e o nivel de protección asignado.

4. Procedemento aplicable

O Catálogo de bens culturais é un instrumento complementario do PXOM vixente, para cuxa modificación é preciso seguir o mesmo procedemento de aprobación do plan xeral (artigo 83.2 da Lei 2/2016 do solo de Galicia, en relación co 198.4 do seu Regulamento).

A Lei 1/2019 *de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia* (LRRR), nos seus artigos 16, 17 e 18, regula un procedemento especial de *tramitación simplificada*, aplicable ás modificacións puntuais *non substanciais* do plan xeral que se atopen nalgún dos supostos previstos no artigo 16.

Consonte ao apartado 2 do citado artigo 16 poderán ser obxecto de tramitación simplificada as modificacións puntuais do plan xeral “que modifiquen exclusivamente as ordenanzas cun alcance reducido e de escasa entidade”, e sempre que non teñan “unha incidencia negativa no ambiente, na mobilidade, nas infraestruturas ou no patrimonio cultural”.

De conformidade co previsto no artigo 17.2 o Concello solicitou informe á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, quen con data 21.05.2024 concluíu que non era necesario someter a MP a avaliación ambiental estratéxica.

En consecuencia, a MP pode someterse á aprobación inicial do Pleno Municipal e seguir o procedemento de tramitación simplificada regulado no artigo 18 da LRRR.

5. Informe da Dirección Xeral do Patrimonio cultural

O órgano ambiental efectuou consulta á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia, e este emitiu informe o 5.05.2024, no que formula algunhas observacións e suxestións sobre o contido da ficha de catalogación, e sobre a necesidade de delimitar o contorno de protección.

Para atender as observacións da DXPC, no documento que se somete a aprobación inicial completouse a ficha de catalogación e delimitouse o contorno de protección do edificio catalogado. Porén, esta delimitación non altera o réxime de autorizacións ata agora vixente, posto que o contorno de protección xa se atopaba incluído dentro do *perímetro azul* da cidade histórica.

CONSIDERACIÓNS

O órgano competente para adoptar o acordo de aprobación inicial é o Pleno municipal, consonte ao disposto no artigo 123.1.i) da Lei 7/1985 de bases do réxime local.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei reguladora das bases do réxime local.

De conformidade co sinalado no artigo 122.5.e), punto 2 da mesma Lei, é preceptivo o asesoramento do secretario xeral do Pleno.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Á vista do informe emitido, propónse ao Pleno da Corporación, previo ditame que deberá emitir a Comisión de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar inicialmente a Modificación puntual núm. 1 do PXOM no ámbito da OE-6 (Xoán XXIII - Universidade), segundo o documento formulado polos Servizos Técnicos Municipais de Planeamento en xuño de 2024.

Segundo. En aplicación do procedemento de tramitación simplificada regulado no artigo 18 da Lei 1/2019 *de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia*, a Modificación inicialmente aprobada someterase a información pública durante o prazo dun mes (1 mes), mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión na provincia.

A documentación sometida a información pública comprenderá todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluído un resúmen executivo co contido mínimo esixido no apartado 6 do artigo 144 do Regulamento.

Simultaneamente trasladarase a documentación ao órgano competente en materia de urbanismo, quen solicitará os informes sectoriais autonómicos que sexan preceptivos.

Durante o trámite de información pública, o Concello solicitará informes aos órganos competentes da administración do Estado en materia de telecomunicacións, aviación civil e defensa, e dará traslado á Delegación do Goberno en Galicia para os efectos de que solicite os informes que estime necesarios.

Terceiro. Por aplicación do disposto nos artigos 47.2 da LSG e 86.2 do seu Regulamento, o acordo de aprobación inicial determina, por si só, a suspensión dos procedementos de licenza e de comunicación previa para os actos que poidan devir incompatibles co resultado da Modificación en trámite. A suspensión afectará:

1. Ás licenzas de edificación, parcelación e derruba.
2. Ás obras de nova edificación, así como ás de rehabilitación integral que resulten asimilables ás de reconstrución total do edificio, agás as de carácter urxente.
3. Ás obras de reforma que supoñan aumento do volume edificado.
4. Ás obras de reforma que non estean permitidas na ficha de catalogación proposta.
5. Aos actos que supoñan a implantación de novos usos ou actividades non permitidos pola Modificación inicialmente aprobada

A suspensión non impedirá a autorización de usos e obras provisionais nos termos do artigo 89 da LSG e 204 do seu Regulamento.

A suspensión terá unha duración máxima de DOUS ANOS, a contar dende o acordo de aprobación inicial, e extinguirase, en todo caso, coa aprobación definitiva e entrada en vigor do novo planeamento.“

No informe-proposta anteriormente transcrito propónse ao Pleno Municipal que adopte o acordo de aprobación inicial do proxecto.

En consecuencia, propónse ao Pleno da Corporación, previo ditame que deberá emitir a Comisión de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar inicialmente a Modificación puntual núm. 1 do PXOM no ámbito da OE-6 (Xoán XXIII - Universidade), segundo o documento formulado polos Servizos Técnicos Municipais de Planeamento en xuño de 2024.

Segundo. En aplicación do procedemento de tramitación simplificada regulado no artigo 18 da Lei 1/2019 *de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia*, a Modificación inicialmente aprobada someterase a información pública durante o prazo dun mes (1 mes), mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión na provincia.

A documentación sometida a información pública comprenderá todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluído un resúmen executivo co contido mínimo esixido no apartado 6 do artigo 144 do Regulamento.

Simultaneamente trasladarase a documentación ao órgano competente en materia de urbanismo, quen solicitará os informes sectoriais autonómicos que sexan preceptivos.

Durante o trámite de información pública, o Concello solicitará informes aos órganos competentes da administración do Estado en materia de telecomunicacións, aviación civil e defensa, e dará traslado á Delegación do Goberno en Galicia para os efectos de que solicite os informes que estime necesarios.

Terceiro. Por aplicación do disposto nos artigos 47.2 da LSG e 86.2 do seu Regulamento, o acordo de aprobación inicial determina, por si só, a suspensión dos procedementos de licenza e de comunicación previa para os actos que poidan devir incompatibles co resultado da Modificación en trámite. A suspensión afectará:

1. Ás licenzas de edificación, parcelación e derruba.
2. Ás obras de nova edificación, así como ás de rehabilitación integral que resulten asimilables ás de reconstrución total do edificio, agás as de carácter urxente.
3. Ás obras de reforma que supoñan aumento do volume edificado.
4. Ás obras de reforma que non estean permitidas na ficha de catalogación proposta.
5. Aos actos que supoñan a implantación de novos usos ou actividades non permitidos pola Modificación inicialmente aprobada

A suspensión non impedirá a autorización de usos e obras provisionais nos termos do artigo 89 da LSG e 204 do seu Regulamento.

A suspensión terá unha duración máxima de DOUS ANOS, a contar dende o acordo de aprobación inicial, e extinguirase, en todo caso, coa aprobación definitiva e entrada en vigor do novo planeamento.

Á vista da proposta transcrita e máis do ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos correspondente a súa sesión extraordinaria do pasado día 18 de xuño, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, de CA e do PSdeG-PSOE (6 BNG, 2 CA e 6 PSdeG-PSOE) e 11 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP, polo tanto co quórum da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, acorda:

Primeiro. Aprobar inicialmente a Modificación puntual núm. 1 do PXOM no ámbito da OE-6 (Xoán XXIII - Universidade), segundo o documento formulado polos Servizos Técnicos Municipais de Planeamento en xuño de 2024.

Segundo. En aplicación do procedemento de tramitación simplificada regulado no artigo 18 da Lei 1/2019 *de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia*, a Modificación inicialmente aprobada someterase a información pública durante o prazo dun mes (1 mes), mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión na provincia.

A documentación sometida a información pública comprenderá todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluído un resúmen executivo co contido mínimo esixido no apartado 6 do artigo 144 do Regulamento.

Simultaneamente trasladarase a documentación ao órgano competente en materia de urbanismo, quen solicitará os informes sectoriais autonómicos que sexan preceptivos.

Durante o trámite de información pública, o Concello solicitará informes aos órganos competentes da administración do Estado en materia de telecomunicacións, aviación civil e defensa, e dará traslado á Delegación do Goberno en Galicia para os efectos de que solicite os informes que estime necesarios.

Terceiro. Por aplicación do disposto nos artigos 47.2 da LSG e 86.2 do seu Regulamento, o acordo de aprobación inicial determina, por si só, a suspensión dos procedementos de licenza e de comunicación previa para os actos que poidan devir incompatibles co resultado da Modificación en trámite. A suspensión afectará:

1. Ás licenzas de edificación, parcelación e derruba.
2. Ás obras de nova edificación, así como ás de rehabilitación integral que resulten asimilables ás de reconstrución total do edificio, agás as de carácter urxente.
3. Ás obras de reforma que supoñan aumento do volume edificado.
4. Ás obras de reforma que non estean permitidas na ficha de catalogación proposta.
5. Aos actos que supoñan a implantación de novos usos ou actividades non permitidos pola Modificación inicialmente aprobada

A suspensión non impedirá a autorización de usos e obras provisionais nos termos do artigo 89 da LSG e 204 do seu Regulamento.

A suspensión terá unha duración máxima de DOUS ANOS, a contar dende o acordo de aprobación inicial, e extinguirse, en todo caso, coa aprobación definitiva e entrada en vigor do novo planeamento.

